

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Orde do 18 de agosto de 2009 pola que se dá publicidade ao esgotamento de crédito para subvencións en conxuntos históricos, para familias e institucións sen fin de lucro, establecida na Orde do 18 de febreiro de 2009 da Consellería de Vivenda e Solo.

O Decreto 316/2009, do 4 de xuño, atribúe competencias e funcións en materia de vivenda á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, creada polo Decreto 83/2009, do 29 de abril.

O Decreto 157/2006, do 7 de setembro, establece os requisitos, procedementos e incentivos para unha rehabilitación e renovación de calidade das vivendas e edificios, tanto no medio rural como nos conxuntos históricos de Galicia. No citado decreto establécese, ademais, que as subvencións recollidas nel se regularán por ordes anuais de convocatoria.

O 18 de febreiro de 2009, por orde da Consellería de Vivenda e Solo, convocáronse subvencións a fondo perdido para a rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia para 2009.

No artigo 5º da dita orde estableceuse como data de remate do prazo de presentación de solicitudes o 1 de setembro de 2009.

No artigo 11º estableceuse que o importe máximo de subvencións en conxuntos históricos, para familias e institucións sen fin de lucro para 2009 será de 2.450.000 euros, na aplicación 17.02.451A 780.2, hoxe 17.90.451A 780.2, logo da reorganización administrativa establecida polo Decreto 83/2009, do 29 de abril, do orzamento de gastos para 2009.

Cinco meses despois de iniciado o prazo de presentación de solicitudes, constátase o esgotamento do orzamento autorizado para 2009 para atender as solicitudes de subvencións no ámbito de conxuntos históricos de Galicia, para familias e institucións sen fin de lucro.

Por todo o anterior, e en cumprimento do determinado no artigo 31.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo único.-Dáse a coñecer o esgotamento da partida orzamentaria 17.90.451A 780.2 para 2009 do importe máximo das subvencións en conxuntos históricos de Galicia, para familias e institucións sen fin de lucro, e a inadmisión de posteriores solicitudes destinadas a participar del.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2009.

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio
e Infraestruturas

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Resolución do 3 de agosto de 2009, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se ordena a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 9 de xullo de 2009, polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal denominado ampliación da posición I-016 para un punto de entrega de gas natural en Abegondo con estación de medida G-250, promovido pola empresa Enagás, S.A.

En cumprimento do disposto no artigo 13.5º do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, esta dirección xeral dispón que se publique no *Diario Oficial de Galicia*, o acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 9 de xullo de 2009, do que a súa parte dispositiva é o seguinte texto literal:

1. Aprobar definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal denominado ampliación da posición I-016 para un punto de entrega de gas natural en Abegondo con estación de medida G-250.

2. O planeamento do Concello de Abegondo queda vinculado ás determinacións contidas no proxecto sectorial que se aproba.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2009.

Ángel Bernardo Tahoces
Director xeral de Industria, Enerxía e Minas

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Resolución do 10 de agosto de 2009 pola que se publica o resultado do proceso de selección da segunda convocatoria de programas de desenvolvemento rural e de grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013.

O 30 de maio de 2008 o Consello de Dirección de Agader aprobou mediante acordo as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013. O citado acordo publicouse non DOG nº 115, do 16 de xuño (corrección de erros

ANEXO II

Grupos de desenvolvemento rural non seleccionados

Grupo de desenvolvemento rural	Ámbito territorial
Asociación Terras do Noroccidente Ourenán	GDR-09
Asociación Terras de Arzáa, Curtis e Melide (Arcume)	GDR-23
Asociación de Desenvolvemento Rural Tamaria	GDR-25

DOG nº 140, do 21 de xullo), mediante resolución do director xeral de Agader do 30 de maio de 2008. As bases reguladoras foron modificadas por acordo do Consello de Dirección de Agader do 23 de decembro de 2008 (DOG nº 15, do 22 de xaneiro de 2009).

O día 24 de febreiro de 2009 publicouse no DOG a resolución do director xeral de Agader pola que se convoca o segundo proceso selectivo de programas de desenvolvemento rural e de grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, para os ámbitos territoriais dos GDR-09, GDR-23 e GDR-25.

Para o financiamento desta segunda convocatoria do programa Leader Galicia 2007-2013, preveuse unha dotación máxima de 13.825.399,25 euros, coa participación financeira do Feader, da Administración xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, que se satisfará con cargo ás seguintes contas orzamentarias:

-01/01 01/41/10 656800.

-01/01 01/43/10 656800.

O 21,178% da antedita dotación orzamentaria está destinado á reserva de eficacia, que se distribuirá en 2010 entre os GDR.

O Consello de Dirección de Agader, na súa reunión do 12 de xuño de 2009, resolveu a segunda convocatoria de selección de programas de desenvolvemento rural e de grupos de desenvolvemento rural (GDR) no marco do programa Leader Galicia 2007-2013.

Tendo en conta o anterior, de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e, segundo as facultades conferidas polo artigo 10.2º a) do Regulamento de Agader, aprobado polo Decreto 79/2001, do 6 de abril,

RESOLVO:

Publicar no *Diario Oficial de Galicia* o resultado do proceso de selección da segunda convocatoria de programas de desenvolvemento rural e de selección e recoñecemento dos GDR como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, convocadas polo acordo do Consello de Dirección de Agader do 2 de febreiro de 2009, para os ámbitos territoriais dos GDR-09, GDR-23 e GDR-25, de acordo cos anexos que se xuntan.

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2009.

Antonio Crespo Iglesias
Director xeral da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

ANEXO I

Grupos de desenvolvemento rural seleccionados

Grupo de desenvolvemento rural	Ámbito territorial	Fondos asignados
Asociación Carballiño-Ribeiro	GDR-09	3.590.178,38 €
Grupo de Desenvolvemento Rural UTM 23: Ulla, Tambre, Mandeo	GDR-23	3.591.122,00 €
Asociación de Desarrollo Local Deloia	GDR-25	3.716.155,85 €
Total GDR segunda convocatoria		10.897.456,23 €

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

Orde do 20 de agosto de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º do mesmo decreto legislativo, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo vacante que se relaciona no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a estas prazas todos/as os/as funcionarios/as que reúnan os requisitos que se exixen e se especifican no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Xunta de Galicia (edificio administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela), nos departamentos territoriais ou en calquera das oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O prazo para a presentación das solicitudes será de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. O modelo de solicitude sinálase no anexo II.

Cuarto.-Os aspirantes deberán xuntar á súa solicitude un *curriculum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos que aleguen.

Quinto.-Esta convocatoria será resolta pola Consellería de Cultura e Turismo. No caso de que resulte seleccionado para ocupar o posto de traballo que se anuncia no anexo I desta orde un/ha funcionario/a con destino noutra administración pública, requiriríase o informe favorable do departamento onde preste servizos, e considerárase favorable de non emitirse no prazo de 15 días, conforme o previsto no